

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Asociación de nais e pais de alumnos/as con necesidades especiais (ANEPA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa Asociación de nais e pais de alumnos/as con necesidades especiais (ANEPA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de nais e pais de alumnos/as con necesidades especiais (ANEPA) nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con TEA, TDAH, TXD e alumnado con problemas de conduta.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a Anepa é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito comarcal, situada no o Concello de A Cañiza, e integrada por pais e nais e demais persoas sensibilizadas cos problemas do alumnado con necesidades educativas especiais, que ten entre os seus principais fins os seguintes:



- a) Asistir as nais e pais, titoras e titores ou representantes legais de alumnos/as en todo aquilo que concirne á educación dos seus fillos/as ou pupilos/as.
- b) Colaborar coas actividades educativas do centro.
- c) Promover a participación das nais, pais, titoras ou titores ou representantes legais dos alumnos/as na xestión do Centro, a través dos órganos previstos ao efecto da lexislación vixente.
- d) Promover a solidariedade, a igualdade e a integración.
- e) Informar e visualizar as necesidades especiais dos alumnos tanto no centro educativo, nas familias e nos demais ámbitos que se nos precise.
- f) Facer valer os dereitos educativos dos alumnos no centro educativo, así coma nas actividades extraescolares ou noutros ámbitos relacionados coa educación.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva e discapacidades asociadas, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

